


NOME CIENTÍFICO

Ginkgo biloba

Descrición:

Poden acadar os 40 metros de altura. A súa copa é angular e as pólas son longas.

Son moi lonxevos grazas a súa capacidade de resistencia a pragas e enfermidades, calculándose idades de 2500 para algúns exemplares.



152

As súas follas son de cor verde claro e de entre 5 e 15 cm. Son planas e en forma de abanico.

Familia: Ginkgoaceae

Orixe: China

Nome común: Xinkgo



153



155



154

As súas flores. Nos exemplares masculinos aparecen en amentos cilíndricos e amarelos. Nos femininos aparecen en parellas.

A súa semente é branda e de cor marrón claro e textura carnosa. Ao abrirse desprende un cheiro rancio.

Ginkgo biloba

Hábitat

Especie nativa de China, as poboacións silvestres atópanse nunha pequena rexión da provincia china de Zheijiang (durante séculos pensábase que estaba extinta en estado salvaxe). O demais exemplares son cultivados de forma máis ou menos illada.

Usos ou propiedades

Utilizado con fins ornamentais dende hai miles de anos, sendo unha especie habitual en parques e xardíns de cidades (en parte pola súa tolerancia á contaminación) onde só se plantan exemplares masculinos xa que os froitos dos femininos desprenden mal olor. Ten unha grande importancia na medicina tradicional chinesa.

Categoría IUCN

En perigo (EN)

Curiosidades

Trátase dunha árbore ximnosperma, como os piñeiros, aínda que a súa aparencia externa non o demostra. É un fósil vivinte. É a última especie do grupo das Ginkgophytyas, as demais desapareceron. É a especie superior viva máis antiga do planeta. O seu nome en chinés significa “froita branca”. Un exemplar de Ginkgo sobreviviu á explosión atómica de Hiroshima a só un km do epicentro transformándose en símbolo de esperanza e renacer para a cidade.